

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL SOBRE O SEGUINTE ASUNTO

Expediente núm.: XTO-2024-0927.AUI
Promotor: Concello de Verín
Asunto: Proxecto de urbanización do tramo do vial local sito dentro do ámbito do solo do núcleo rural na parroquia de Queirugás
Situación: Queirugás. Verín

ANTECEDENTES

1. O 03.06.2024 o concello achega escrito de solicitude do interesado para a obtención da autorización pertinente en materia de Patrimonio Cultural das actuacións consistentes na pavimentación do tramo de vía local.
2. O 13.06.2024 a xefa do Servizo de Coordinación Cultural informa que para que as obras poidan ser autorizadas deberase achegar nova documentación, ao tempo que se indican unha serie de condicións que deberán cumprir as actuacións.
3. O 15.11.2024 (2024/3252259) o concello achega nova documentación para a obtención da autorización pertinente en materia de Patrimonio Cultural das actuacións consistentes na pavimentación dun tramo de vía local.
4. Consta no expediente o informe do arquitecto do servizo do Patrimonio Cultural emitido o 27.11.2024.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.





- Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG núm. 101, 27 de maio de 2024).
 - As demais normas de aplicación, en concreto a lexislación vixente do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
2. As actuacións para as que se solicita a autorización preténdese realizar no contorno de protección dos seguintes elementos catalogados no PXOM do Concello de Verín:
- Na zona oeste o Cruceiro de Queirugás (E_067).
 - No centro da actuación a Casa do Bispo (A_201).
 - Na parte leste da actuación varios elementos como son a Igrexa parroquial de San Bartolomeu (A_198), Casa reitoral de Queirugás (A_199), unha Casa tradicional (A_200).
 - No extremo leste da actuación aparece tamén o Camposanto parroquial (A_202).

Polo que, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPC) incorpóranse ao Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia e pasarán a ter a consideración de bens catalogados sometidos ao réxime xurídico de protección aplicable a estes.

En consecuencia, e de acordo cos artigos 39, 44 e 45 da devandita lei, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que nela se establecen.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG núm. 101, 27 de maio de 2024) e conforme ao disposto na Resolución do 3 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se delega nos directores ou directoras dos departamentos territoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 132 do 9 de xullo) e á vista do informado polos servizos técnicos e sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente,





RESOLVO

Autorizar as actuacións solicitadas condicionado á remisión do proxecto refundido e corrixido coas seguintes indicacións:

- O pavimento de pedra deberá ser executado mediante granito moreno propio da zona.

En consecuencia, a autorización definitiva da intervención, supéditase á emisión do correspondente informe favorable da supervisión polos servizos técnicos da xefatura territorial, no que atinxe ás materias da súa competencia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no **prazo dun mes**, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O que se notifica en cumprimento e para os efectos do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Ourense, no día e hora que constan na marxe esquerda.

A directora xeral do Patrimonio Cultural
P.D.: Resolución do 03.07.2024
A directora territorial de Ourense
Sandra Quintas Vázquez

